



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O presidente da Xunta visita os novos laboratorios do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago

Desde a súa acreditación o IDIS captou máis de 167 millóns de euros para desenvolver máis de cincocentos proxectos de investigación

O Hospital Clínico conta con máis de 4000 m2 adicados á investigación

Dado o continuo crecemento o pasado ano púxose en marcha a 3 fase de ampliación

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019.- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, acompañado polo conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, polo xerente da área sanitaria de Santiago, Eloíña Nuñez Masid, e polo director científico de IDIS, José Castillo Sánchez, visitou esta mañá os novos laboratorios do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS). Situados no Hospital Clínico de Santiago, ocupan máis de 4000 m2 adicados á investigación. Dende a súa creación, o IDIS captou 167.760.594 € en 526 proxectos (44 europeos), 234 contratos de persoal conseguidos de entidades externas, dotación de infraestruturas, 2.088 contratos de servizos e convenios, 703 doazóns e 1673 ensaios clínicos.

Os Institutos de Investigación Sanitaria son centros de I+D+i en biomedicina, creados polo Instituto de Salud Carlos III, que, tendo como centro aos hospitais do Sistema Nacional de Saúde, buscan sinerxías coas universidades e outros centros públicos e privados de investigación. Todo isto co obxectivo de trasladar o máis rapidamente posible o coñecemento creado á poboación, especialmente aos pacientes e ao sistema sanitario.

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) aproveita e potencia as capacidades de I+D+i en biomedicina do Hospital Clínico coa Universidade de Santiago de Compostela. Creado o 31 de xaneiro de 2008, está acreditado desde marzo de 2010 e reacreditado no ano 2015, como centro de investigación do Sistema Nacional de Saúde. Foi o primeiro de Galicia en ser acreditado e o sétimo de España. Posteriormente solicitouse a integración da Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte.

Os principais obxectivos do IDIS consisten en conseguir a excelencia asistencial a través da investigación clínica, a participación do hospital en procesos de innovación terapéutica desde fases temperás do desenvolvemento farmacolóxico, a integración de novas tecnoloxías innovadoras e a creación de coñecemento para o desenvolvemento de novas dianas diagnósticas e terapéuticas con beneficio para os pacientes e para a sociedade. A captación de recursos e a creación de emprego son obxectivos secundarios, pero inherentes e irrenunciabes do IDIS.

prensa.santiago@sergas.es

tfno. 981 950967 // 639 60 35 22
981 950023 // 629 25 37 54



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para cumprir coas exixencias que supón ser un instituto acreditado é necesario dispoñer de capital humano. A estrutura de investigación do Instituto aumenta de forma progresiva e considerable. Comezouse no ano 2008 coa posta a punto (en dúas fases) de 2.600 m² de espazos de laboratorios e posteriormente de 430 m² para a instalación dos laboratorios de neurociencias coa resonancia magnética experimental de 9.4 teslas. No 2015, constitúese a Unidade Mixta de Oncoloxía de Precisión. No ano 2018 púxose en marcha a Unidade de Ensaio Clínicos de Fase Temperá con 80 m² e a terceira fase da construción dos laboratorios IDIS con 1.000 m² máis, o que supón un total de 4.110 m² dotados e dispoñibles neste momento.

Na actualidade, 1.071 investigadores clínicos e básicos intégranse en grupos de investigación organizados en 6 áreas de investigación: Oncoloxía, Xenética e Bioloxía de Sistemas, Endocrinoloxía, Neurociencias, Plataformas e Metodoloxía e Inflamación. Destes investigadores o 72% son clínicos e o 2% son básicos laboralmente dependentes do SERGAS. O 26% restante, 280 investigadores, foron contratados con fondos propios, o que converte ao IDIS nunha importante fonte de creación de emprego. Ademais, mediante un programa de axudas predoutorais de 3 anos de duración, convocado con fondos propios, beneficiáronse 31 investigadores para o desenvolvemento das súas teses de doutoramento.

No ámbito da innovación e transferencia, desde o ano 2010, os investigadores clínicos participaron en distintas fases do desenvolvemento de novos fármacos en 1.673 ensaios clínicos, creáronse 4 empresas de base tecnolóxica e 3 unidades mixtas. O número de accións de propiedade intelectual incrementouse nos últimos anos con 60 solicitudes de patentes, das que 11 foron concedidas e 6 xa están en explotación.

Os indicadores de produtividade evolucionaron de forma positiva. Publicáronse 4.626 artigos orixinais, editoriais e revisións cun índice de impacto total de 20.656 puntos e un índice de impacto medio de 4,47 puntos. É de destacar que o 69,3% das publicacións científicas foron en revistas do primeiro cuartil e o 38% en revistas do primeiro decil, é dicir, as máis prestixiosas a nivel mundial no seu campo. No mesmo período de tempo, 479 teses de doutoramento foron dirixidas desde o IDIS.

A fortaleza da estrutura interna do Instituto permite manter, e incluso incrementar a participación noutro tipo de meta grupos e alianzas estratéxicas nacionais e europeas. Na actualidade participase en 8 RETICS, 6 CIBER, 2 plataformas do Instituto de Salud Carlos III e 3 redes de investigación europea.

Saúdos

prensa.santiago@sergas.es

tfno. 981 950967 // 639 60 35 22
981 950023 // 629 25 37 54